

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Concello de Pontevedra, Praza de España s/n 36071 Pontevedra Tlf. 986 804 300

Exemplar para obrigado tributario

► Instrucións para cumprimentar a solicitude

- **Datos obrigado tributario.** A persoa solicitante será a obrigada ao pagamento e poderá actuar por medio de representante.
- **Datos representante.** En caso de persoas xurídicas (representación legal) a representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura debidamente lexitimada notarialmente ou por comparecencia. En caso de persoas físicas (representación voluntaria), bastará con que o **representante asine** esta solicitude, **xunto co solicitante** no espazo reservado para elo, e acheguen **copia dos NIF**.
- **Datos do obxecto tributario e forma de transmisión.** Deberá indicar a referencia catastral completa, o enderezo do inmovible afectado, riscando o que proceda segundo o tipo de transmisión de que se trata, e o dereito que se transmite.
- **Datos do documento.** Indicarase se se trata de escritura pública, relacións de bens, documento de partición, auto xudicial, etc., o nome do notario, no seu caso, así como o número e a data do protocolo.
- **Datos do transmitinte.** Consignaranse todos os datos solicitados do transmitinte do inmovible.
- **Datos do adquirente.** Consignaranse todos os datos solicitados do adquirente do inmovible

► Información

- **Obrigado tributario.** A condición de suxeito pasivo do imposto dependerá do tipo de transmisión, segundo as seguintes regras:
 - a) Transmisións onerosas (aquelas nas que se transmite o dereito a cambio dunha contraprestación)

(Beneficios fiscais. Se o obrigado tributario considera que pode ter dereito a algún beneficio fiscal (bonificación ou exención) deberá encher ademais deste, o modelo 806, para solicitar que se lle recoñeza, no seu caso dito dereito.

(Documentación a achegar.

- Copia simple notarial ou fotocopia compulsada da escritura ou documento que orixine a transmisión.
- Fotocopia do último recibo do IBI (no caso de non encher a casiña destinada á referencia catastral)
- Copia do título da anterior transmisión do inmovible ou dos terreos no que estea situado no caso de que á data de aquela non conste no título de escritura ou documento que orixine a transmisión actual. No caso de que non se xustifique a anterior transmisión, este imposto liquidarase polo período máximo, 20 anos.
- Identificación das partes:
 - Persoas xurídicas: fotocopia do CIF e documentación que acredite a representación, e copia do NIF do representante.
 - Persoas físicas: fotocopia do CIF.

► Normativa reguladora

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).

Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

Ordenanza fiscal municipal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.